

herriarte

Entrepobos
Entrepueblos



Entrepobles

Revista periódica · Xuño 2026

85

A SEMENTE DE BERTA: DEZ ANOS DE EXIXENCIA, RAÍZ
E PRÁCTICA POLÍTICA · GIRA DE KARLA LARA

CUBA: A SOLIDARIEDADE É PARTE DA RESISTENCIA

ESPECIAL MEMORIA 2025

UNIRTE A ENTREPOBOS É DEFENDER A VIDA
ATOPA A TÚA CAUSA

SUMARIO



3 A semente de Berta: dez anos de existencia, raíz e práctica política

9 Cuba: A solidariedade é parte da resistencia

13 ESPECIAL MEMORIA 2025:
TRAZANDO RESISTENCIAS ANTE
AS CRISES: FEMINISMOS, SOBERANÍAS
E XUSTIZA GLOBAL

21 Guías africanas e afrodiaspóricas
na loita feminista internacionalista

25 Unirte a Entrepobos é defender a vida.
Atopa a túa causa

28 Plantámonos! para a defensa dos territorios,
dos bens naturais e do traballo digno
no campo



É pouco nidio o escenario, así como as súas posibles saídas. O certo é que os recentes exemplos de Venezuela e Irán demostran que só unha estratexia evidente de resistencia pode, polo menos, conter as pretensións imperialistas

Por que facerte socia? Porque unirte a Entrepobos é elixir un mundo onde a vida se defende dende os territorios, dende as rúas, dende as alianzas entre pobos. Porque cada nova socia fortalece a sostibilidade política e económica desta organización que aposta pola solidariedade de ti a ti

31 Noticias Breves Entrepobos

EDITA
Entrepobos · Asociación declarada
de utilidade pública UP-78093-SD
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Esteva&Estêvão

DEPÓSITO LEGAL
B-21094-89
Entrepobos non se identifica
necesariamente coas opinións
expresadas nos artigos do presente boletín

FOTO DA PORTADA
Karla Lara fotografada por Gervasio Sánchez
para "Activistas por la Vida"

**AXÚDANOS A INCORPORAR A ENTREPOBOS NOVAS SOCIAS E SOCIOS
ASÓCIATE E COLABORA ACTIVAMENTE**

Boletín de subscrición na contracapa e na páxina web seguindo este código QR:

Necesitamos o teu apoio para crecer e seguir garantindo a nosa acción solidaria

con AUTONOMÍA e INDEPENDENCIA



A semente de Berta: dez anos de exixencia, raíz e práctica política



Lidia Ucher · *Comunicación Entrepobos*

No décimo aniversario do asasinato de Berta Cáceres, publicamos este artigo cando a axenda global está saturada doutras crises. Publicámolo igualmente, porque os sistemas que criminalizan a quen defende a vida (en Honduras, en Galicia, en calquera territorio onde os intereses económicos chocan cos dereitos colectivos) seguen operando sen pausa. Berta Cáceres sabíao. O seu legado tamén.

O río Gualcarque corre entre pedras e árbores no occidente de Honduras. As mulleres lencas saben cando trae abundancia e cando está ferido. Para elas, o río é a vida mesma: sostén a alimentación, a memoria, os coidados. Así viviu e así defendeu a vida Berta Cáceres. Dende o territorio concreto, dende as asembleas, dende a coherencia radical entre o que se pensa e o que se fai. Ela mesma nomeábo sen eufemismos:

“Non é fácil ser unha muller á cabeza de procesos de resistencia indíxena. Nunha sociedade increíblemente patriarcal, as mulleres están moi expostas, temos que afrontar circunstancias de alto risco, campañas sexistas e misóxinas. Isto é algo que pode exercer máis influencia na decisión de abandonar a loita.”

Non abandonou. O 2 de marzo de 2016, alguén entrou na súa casa en *La Esperanza* e matouna. Dez anos despois, ese crime segue falando, e o que di atravesa o presente como unha exixencia política.

En xaneiro de 2026, o Grupo Interdisciplinario de Expertos Independentes (GIEI), auspiciado pola Comisión Interamericana de Dereitos Humanos, fixo público o seu informe final sobre o asasinato de Berta Cáceres. O documento é demoledor na súa precisión: conclúe que foi un crime empresarial, financeiro e político, executado a través dunha arquitectura criminal complexa que articula intereses económicos, financiamento internacional, estruturas de seguridade privada e pública, e graves omisións do Estado hondureño. Unha rede desviou o 67% dos máis de 18,5 millóns de

dólares aportados por bancos internacionais de desenvolvemento —entre eles, o Banco Centroamericano de Integración Económica e o Banco Neerlandés de Desenvolvemento Empresarial— para o proxecto hidroeléctrico *Agua Zarca*. Unha cifra, un rastro de papel, unha cadea de responsabilidades que chega ata Europa.

Días despois de publicarse o informe, o Banco Central de Honduras anunciaba un novo billete de 200 lempiras co rostro de Berta. O Estado que durante anos perseguíu, criminalizou e abandonou aos que a defendían, agora convértea en símbolo nacional. É o tipo de paradoxo que non admite mirada neutral: o mesmo Estado cuxa responsabilidade por omisión documenta o GIEI, o mesmo Estado que permitiu que o proxecto *Agua Zarca* avanzara mentres a ameaza sobre Berta se acumulaba sen protección, agora estampa a súa cara no diñeiro. A memoria como lavado de conciencia institucional ten nome, e nomeala xa é un acto político.

Dende Entrepobos acompañamos o proceso de denuncia e xustiza dende hai dez anos. Temos traballado xunto a organizacións hondureñas e redes europeas para situar este caso na axenda pública, porque entendemos que a violencia que matou a Berta viaxou co capital. O modelo extractivo que necesitaba o río Gualcarque dispoñible, o territorio lenca desmobilizado e a voz de Berta silenciada, é o mesmo modelo que financia bancos europeos, que opera a través de multinacionais con sede en Madrid ou Amsterdam, que segue activo en territorios onde comunidades indíxenas denuncian impactos ambientais e vulneracións de dereitos.



A recente decisión de Trump de levantar as sancións ao petróleo venezolano –abrindo o paso a empresas como Repsol– lembra con urxencia que a transición enerxética corre o risco de reproducir as mesmas lóxicas contra os dereitos humanos con etiqueta verde.

A campaña estatal *Hasta la raíz: 10 años del asesinato de Berta Cáceres* nace deste dobre convencemento. Por un lado, a exigencia de xustiza integral segue aberta: responsabilidades empresariais e financeiras que o GIEI documentou e que deben traducirse en consecuencias reais, en reformas estruturais, en reparación para a familia Cáceres, para o COPINH, para a comunidade lenca de Río Blanco, para o propio río Gualcarque como espazo espiritual e cultural. Por outro lado, hai unha pregunta política que o mero aniversario non pode responder: como estamos cuidando hoxe a vida que Berta defendeu?

Esta pregunta interésanos porque ten respostas concretas xa en marcha. Cando acompañamos a Lizbeth Abarca á Casa da Radio, ataviada co seu traxe tradicional de Cotabambas, no corazón do corredor mineiro do sur andino peruano, e cando a escoitamos explicar diante do micrófono de *Cinco Continentes* que a COP30 volveu decepcionar porque os pobos e comunidades que habitan a Amazonía seguen sen recibir a relevancia que merecen, entendemos que a súa voz chegaba dende dentro. Docente e defensora ambiental, Abarca leva case unha década sendo criminalizada por protestar pacificamente fronte á mina *Las Bambas*. Hoxe integra a Asociación de Defensoras e Defensores Criminalizados de Cotabambas e é unha das voces que mellor articula o vínculo entre dereito á auga, saúde comunitaria e defensa do territorio: sen redes que sosteñan aos que defenden a terra, sen coidado colectivo que protexa os corpos que resisten, a criminalización acaba facendo o traballo que non conseguiu o medo. A líder indíxena ecuatoriana Blanca Chancoso lémbrenos, na mesma dirección, que a defensa da auga e a terra é a base material da dignidade dos pobos, non un activismo entre outros. E os testemuños de mulleres defensoras recollidos na *Revista Entrepobos* número 84 amosan que coidar o territorio implica tamén coidar os vínculos, os tempos e a seguridade colectiva: esa dimensión cotiá é a que permite que as loitas se sosteñan no tempo.

No Estado español, a conexión é directa. A recente paralización do proxecto de Altrí en Galicia, detido tras unha ampla mobilización social en defensa do territorio na Ulloa, amosa que a tensión entre extractivismo e vida está nos titulares desta semana, nos concellos, nos ríos que tamén teñen nome. O que as comunidades da Ulloa conseguiron deter é exactamente o que Berta Cáceres levou anos intentando no Gualcarque: que os intereses empresariais non sexan máis grandes que a decisión colectiva dun territorio de defenderse. E avances como a resolución favorable da campaña *Regularización Ya* lémbrennos que garantir dereitos ás per-



soas é sempre unha condición material para soste a vida de xeito colectivo. A xustiza ambiental e a social conectan, sempre.

A campaña inscríbese ademais no Manifesto 8M de Entrepobos, que sinala que as violencias contra defensoras non son feitos illados, senón parte dun sistema que explota territorios e corpos de maneira simultánea. Son as mulleres as que sosteñen a vida comunitaria cando eses territorios son atacados, e é esa mesma razón a que as converte en obxectivo. Defender o Gualcarque era, para Berta, inseparable de defender os corpos e as comunidades que dependían del.

A campaña percorreu distintas cidades entre marzo e abril cun formato que combina a exigencia política coa memoria viva. O 2 de marzo, aniversario do asasinato, Entrepobos, xunto con outras organizacións da Rede de Defensoras de DDHH entre as que se atopan Ecoloxistas en Acción, Greenpeace, Fundación Avogacía Española e Dereitos Humanos, IM Defensoras, Movemento pola Paz (MPDL) e Iniciativas de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (ICID), entregou fronte á Embaixada de Honduras en Madrid unha carta de adhesións que exige verdade, xustiza, reparación e garantías de non repetición subscrita por 170 organizacións de numerosos países. Ese mesmo día, en Bilbao, diversos colectivos concentráronse diante do Consulado de Honduras para facer chegar un manifesto por memoria, verdade e xustiza. Ademais houbo concentracións en Valencia, Barcelona, Palma, Aragón, Asturias, Alicante, etc., e actividades en Andalucía (Sevilla e Cádiz). E ao longo de todo o mes de marzo, a artista e activista hondureña Karla Lara percorreu o Estado español en xira estatal, pasando por Barcelona, Palma de Mallorca, Alicante, Madrid, Sevilla, Burgos e Hernani, Bilbao e Leioa, acompañada pola base social de Entrepobos.



KARLA LARA EN CATRO ACTOS

I. BERTA DAS AUGAS

No primeiro acto cita o poema *Berta de las aguas*, de Melisa Cardoza, e fala con emoción contida do acoso que sufriu Berta Cáceres, do medo que todas temos a falar da nosa propia vulnerabilidade. Faíno traendo as súas mulleres referentes polo seu nome, invitando ao público a buscalas, a delas, a cantalas. “Toda a poesía que escoitaron é para que vostedes despois vaian buscar a Melisa Cardoza e a lean”, di dende o escenario. Traelas, nomealas, honralas, como ela mesma canta en *Recordarles*, é o seu xeito de soste-la a súa presenza, de “sandar a ausencia”, de facer xustiza onde a xustiza non chega. Karla canta: “Unha preguntase de onde vén tanta forza..., de onde tantas Bertas...”. Son versos do tema *Que corra el río*, que Karla aclara que Berta escoitou en vida. “Moita xente pensa que foi en honor a Berta e si, que é en honor a Berta, pero Berta escoitouna. Ela estaba aínda con nós fisicamente cando escribimos este tema”. E enlaza co seguinte tema, “*Por ser mujeres (nos matan)*”: O asasinato de Berta Cáceres, lembra Lara, foi feminicidio político, “así o calificaron”.

Unha sabe para onde ir cando sabe de onde vén.

II.

No segundo acto, Karla canta a Jimena, a súa sobriña neta. Antes de facelo, explica por que: “Eu teño unha sobriña neta, a súa bisavoa paterna era negra. Pero eu vexo a Jimena, e eu sei que Jimena non ten clara a súa orixe. Será que Jimena, que é pequena, vai entender o seu corpo, o seu pelo, as súas cadeiras anchas, ese xeito de estar na vida? Eu quero que ela saiba de onde vén, para que ela saiba para onde ir. Unha sabe para onde ir cando sabe de onde vén. Aquí vexo varias Jimenas eu, aquí véxome eu tamén, intentando recoñecer a pertenza, que é o que nos falta a unha chea de xente, que nos dicimos mestizas, porque a mestizaxe foi unha trampa para buscar a orixe branca e non a orixe indíxena e negra que temos”.

“Vouche contar, Jimena, que axiña vas medrar, que cambiarán as túas ideas se noutro espello te ves. Un que recoñeza a túa fermosa cor de pel, un que non ande buscando cremas para branquexar, un que che repita qué colocha, qué bonita, que son as negras máis aterridas”. Vouche contar, Jimena, que forte podes medrar, que unha ten raíces que non hai razóns para agochar”.

III.

No terceiro, fala dos idiomas como símbolo de arraigo e a diversidade que nos arrebataron, e explica que en garifuna “grazas” dise seremei, que significa, en realidade, “que bonito foi este momento”.

Espertemos, xa non hai tempo.



IV.

No cuarto, Karla cita a Sandra Morán, poeta guatemalteca que recita co tambor pegado ao corpo, e pechou case bis-bándonos:

“O mundo non é desa xente terrible que nos está impondo a morte, o xenocidio. O mundo non é deles, o mundo é noso. Espertemos, xa non hai tempo. Ogallá que esa palabra nos retumbe e atopemos unha maneira de ser parte dunha comunidade que fai algo para que non colapse a comunidade. E espazos como este devólvennos esperanza”.

“Espertemos, humanidade, porque xa non hai tempo. Porque este mundo non é o goberno dos crueis”.



A conexión entre Karla e Berta non é só contemporánea: é de raíz. Ámbalas dúas compartiron o convencemento de que defender o territorio sen defender os corpos (e defender os corpos sen defender o territorio) son abstraccións que non funcionan. As dúas entenderon a cultura como xeito de resistencia sostida, non como ornamento da política. En cada acto da xira, Karla trae esa dobre presenza: a reflexión política sobre a coxuntura hondureña actual e a linguaxe impregnada de emoción que, como ela mesma di, serve para “descolonizar as lembranzas e arraigar a pertenza”. En Bilbao, esa memoria estivo tamén presente na voz do exilio:

Dalila Argueta, defensora hondureña de dereitos humanos e do territorio refuxiada en Euskal Herria, que aparece como testemuña viva do que significa seguir defendendo a vida lonxe do territorio que a fixo.

Tamén hai que destacar o impacto mediático desta campaña. A participación de Karla Lara en *A vista de Lobo*, o espazo internacional de *A vivir que son dos días* (Cadena SER), con Javier del Pino e o corresponsal de *El País* en Berlín Marc Bassets: 25 minutos sobre o legado de Berta Cáceres, o río Gualcarque, o novo goberno de Asfura e a Honduras de hoxe. Máis de 2,3 millóns de oíntes os domingos.

“Que corra o río, que corra. [...] Que corra o río Gualcarque. [...] Unha preguntase de onde tanta forza. [...] De onde tantas Bertas.”

Ademais, Karla Lara foi entrevistada pola SER en Burgos, Radio Alicante, e outros medios ao longo da xira.

Grazas a Karla Lara, que estes días sementou en cada escenario, cada micrófono, cada conversación. Grazas, eskerrik asko, moites gràcies... *seremei*.

“ATA A RAÍZ”, UNHA CAMPAÑA INTEGRAL CONTRA A IMPUNIDADE E POLA DEFENSA DA VIDA

Ata a raíz inaugura o primeiro de cinco casos emblemáticos que Entrepobos desenvolverá ao longo de 2026, conectando responsabilidades empresariais transnacionais con

defensoras concretas e territorios en disputa. Ao caso de Berta seguirán o do derramamento de Repsol en Ventanilla e a explotación petroléira no Yasuní ecuatoriano; a historia de María



Teresa Rivera, vítima de violencia obstétrica n’O Salvador e hoxe exiliada en Suecia, onde os corpos das mulleres son tamén territorio en disputa; a loita da UDAPT fronte á contaminación histórica de Chevron-Texaco en Ecuador; e as afectacións en Espinar (Cusco, Perú) vinculadas á actividade de Glencore Antapaccay, onde a contaminación por metais tóxicos e a ausencia de consulta previa manteñen aberto o conflito. Casos distintos, lóxica idéntica: a mesma arquitectura de poder que documentou o GIEI para Honduras reproduce os seus patróns en cada un deles.

Dez anos despois, o informe do GIEI puxo nome á arquitectura criminal. Agora tócanos a nós —organizacións, cidadanía, institucións, empresas...— decidir que facemos con esa información. A memoria de Berta pide responsabilidade. Compartir a súa imaxe sen estar dispostas a cambiar a maneira en que habitamos o mundo é outro xeito de esquecemento. A semente segue aberta. Que plantamos? 🌱

Nota:

Lidia Ucher é xornalista especializada en xustiza ecosocial, ecofeminismo e defensa do territorio. O seu traballo conecta extractivismo, dereitos humanos e responsabilidade corporativa transnacional. Colabora habitualmente con *Climática (La Marea)* e *Alterconsumismo (Planeta Futuro, El País)*, e acompaña procesos comunicativos de Entrepobos-Herriarte.

ENTREVISTA PUBLICADA EN CLIMÁTICA

“A Berta Cáceres matouna o capital financeiro”. Así o di Karla Lara, cantautora e activista hondureña, na entrevista publicada en *Climática*.

Pero vai máis alá: “Matouna a impunidade dese capital financeiro, matouna a indiferenza da xente que non entende que hai que defender todo o vivo, matouna o machismo”.

“Unha sabe para onde ir cando sabe de onde vén”, díxonos na Kulturarteko Plaza Feminista de Hernani a tarde do venres 27 de marzo. “Si non facemos a loita interna ao mesmo tempo, imos chegar ao poder a repetir as mesmas cousas. As esquerdas chegan ao poder e son

patriarcais, racistas, clasistas, paternalistas, asistencialistas, e non van á raíz porque non están conectadas dende si mesmas”.

“Unha apóiase nas mobilizacións, no abrazo das amigas, en saber que non andas soa. No monte, mirando o río, respirando outro aire.” As súas palabras fannos vibrar especialmente nestes días convulsos, de guerras aquí e alá, tamén das que libramos entre nós e con nós mesmas e os nosos corpos.

Dez anos despois do asasinato de Berta Cáceres, a voz de Karla Lara lémbra-nos de onde vimos e por que non hai tempo para o derrotismo.

<https://climatica.coop/entrevista-karla-lara/>

A solidariedade é parte da resistencia



Ariel Dacal Díaz, compañeiro vinculado ao Centro Memorial Dr. Martin Luther King, Jr. (CMMLK) d'a Habana dialoga con Entrepobos sobre a complexa situación que vive Cuba. Ariel é un recoñecido historiador e educador popular que forma parte do equipo de formación do dito centro, especializado en temas de pensamento crítico cubano e educación popular, onde deseña e coordina espazos educativos sobre participación, política e poder. É Doutor en Ciencias Históricas e traballa na articulación de movementos sociais e espazos de formación, tanto dentro como fóra de Cuba. O seu traballo enfócase na análise sociopolítica e a educación popular.

EP: Ariel, fálanos da “multicrise” que vive Cuba. Dentro dela, que saída tería a crise enerxética en particular?

Cuba vive unha crise estrutural. Unha maneira de comprender o socialismo e o modelo que lle daba curso, amosou dende hai bo tempo, os seus límites históricos e funcionais. A súa manifestación hipercentralizada no económico, o político e o social, onde a clase traballadora é “dirixida” por un extenso aparato burocrático e onde a produción da política está en poucas mans, tocou fondo.

A economía centralizada non acadou ritmos de produción e diversificación axeitados; o gasto social decreceu significativamente e, con el, o modelo universal e gratuíto de moitos servizos públicos. A cohesión social arredor daquel proxecto creba pola deterioración sostida da súa capacidade para dar resposta ás necesidades, mesmo as máis básicas.

Un dato significativo desta crise é a redución da lexitimidade política da dirección do partido, do estado e do goberno, e das organizacións de masas nadas coa revolución. Feito amplamente verificable, que chega a niveis non vistos ao longo do chamado proceso revolucionario.

Un problema central está na incapacidade do goberno para encamiñar un proceso de reforma que acadara de maneira integral, as estruturas que sustentaban o modelo. Desenvólvense máis plans estratéxicos do que na práctica se fan. Por momentos, dilúese o carácter político das decisións en narrativas tecnocráticas.

As meirandes transformacións déronse no ámbito produtivo. Cuba conta cunha economía mixta (estatal, privada, cooperativa, familiar e de capital estranxeiro). Porén, as medidas zigzagueantes non permiten estabilidade nos procesos produtivos e de comercialización nin a consolidación de novos suxeitos políticos e económicos no actual escenario de cambios.

No ámbito político é onde máis limitacións existiron. O modelo político, as súas institucións e as súas lóxicas de funcionamento distan de dar resposta á crecente pluralidade de actores dentro da sociedade cubana, tanto no ámbito económico como social. En non poucos casos, as respostas ás reclamacións e demandas son máis de carácter represivo que de diálogo político.

Ás manifestacións da crise engádese o tema migratorio: máis de dous millóns de persoas saíron do país nos recentes anos, sobre todo persoal cualificado e en idade laboral. Isto agrava a situación de envellecemento poboacional que vive o país dende hai varios anos. Perto do 18 % da poboación é maior de 60 anos, o que, entre outros exemplos, tensa o sistema de saúde pública.

Dentro deste escenario, a crise enerxética é a que máis golpea a vida cotiá, os procesos produtivos, as comunicacións (físicas e virtuais), o acceso a recursos básicos como a



auga e a alimentación. O país está practicamente paralizado por esta situación.

É válido dicir que no sector enerxético é onde se percibe unha estratexia máis coherente para a súa solución, mesmo cando dista moito de solventar a aguda crise cotiá que xera. O cambio de matriz enerxética cara a fontes renovables tivo un pulo significativo no último ano e medio.

Como parte desa estratexia, restablecer a extracción de cru nacional e o seu tratamento, permite abarcar o 40 % do combustible que necesita o país para a xeración eléctrica.

A relación con Estados Unidos é de moita tensión. Como responde o goberno de Cuba á dualidade de ameaza, dun lado, e negociación, doutro lado, que caracteriza o discurso de Trump e Rubio?, Condicionan a resposta á crise interna?

É xusto, ao tempo que política e moralmente impostergable, recoñecer o impacto que teñen as políticas do goberno de EEUU na crise que vive Cuba. É unha guerra desapiadada, perversa, abusiva, inxustificada.

A política de agresión contra Cuba é o carácter esencial da proxección norteamericana cara a illa nas últimas seis décadas. Hoxe vivimos o seu episodio máis agresivo e inhu-

mano, mesmo cando podemos interpretar este momento histórico como a decadencia irreversible do imperialismo norteamericano.

Neste escenario existe moita incertidume respecto á estratexia de EEUU: ameazas de agresión militar, despois supostas negociacións, noutro momento afirmacións que son desmentidas acto seguido.

É pouco nidio o escenario, así como as súas posibles saídas. O certo é que os recentes exemplos de Venezuela e Irán demostran que só unha estratexia evidente de resistencia pode, polo menos, conter as pretensións imperialistas.

Como resulta lóxico, a resposta cubana ante a nova escalada norteamericana está mediada pola profunda crise estrutural que atravesa o país. Isto implica que a marxe de manobra é menor. A reforma inconclusa, cos seus enormes custos, ten diante a retórica agravada dos sectores máis conservadores dentro de EEUU.

Máis alá dunha retórica descontextualizada, sacando á luz vellas doutrinas defensivas, non se percibe unha posición clara do goberno cubano ante a actual tensión que dea conta de condicións obxectivas para defender, con mellores augurios, a soberanía nacional. Na práctica, evidénciase máis unha política reactiva que proactiva no medio deste escenario.

A necesidade de reformas no interior da illa non é pola presión de EEUU, é unha necesidade de sobrevivencia da Nación. O certo é que, nas actuais circunstancias, teñen peso os argumentos que atribúen a EEUU un rol no impulso de determinadas transformacións, todas as que, dito a propósito, están no papel hai moitísimo tempo. Pero é sabido que

os documentos non cambian un país nin unha realidade, senón as decisións políticas concomitantes.

Que tipo de respostas está a dar a poboación? Que está a pasar na rúa?

A xente está cansa, desesperanzada, en non poucos casos irritada coa situación tan prolongadamente complexa. Faise moi difícil reflexionar sobre as responsabilidades tanto do goberno pola súa pésima xestión da crise, como do impacto real e medible das políticas imperialistas sobre Cuba.

Hai manifestacións pasivas da protesta, outras non tanto. Nalgúns casos a xente sae ás rúas, bate os “caldeiros” (caceroladas), que se converteron nun símbolo de protesta extendido por todo o país. A anomia social tamén é un dos recursos, a falla de respecto ás normas e ás autoridades.

O máis destacado, e doloroso á vez, é a sensación xeralizada de desprotección, de abandono de parte das autoridades. E ese é un forte elemento desmobilizador, mesmo fronte a un potencial escenario bélico, o que é altamente perigoso. No medio desta situación son máis recorrentes as solucións individuais e familiares antes que as comunitarias, colectivas, socializadoras.

Se a este escenario se suma a imposibilidade de procesos de autoorganización popular, política, gremial, de barrio, a situación tórnase máis complexa e de difícil prognóstico.

Non obstante, tamén aparecen formas comunitarias, colectivas, de organización de demandas fronte aos problemas acumulados. Estas experiencias son recorrentes en comunidades apartadas, en zonas onde vive poboación de menos recursos, aí onde a carencia é de maior data.





Que propostas se están a dar dende a esquerda crítica? Xeran esperanza?

A esquerda crítica apela á refundación do socialismo. Isto implica modelos socializadores da produción, distribución e consumo; a expansión de xeitos democráticos de organización da vida política comunitaria, territorial e estatal. Retomar as tarefas esquecidas do socialismo, o que inclúe un maior compromiso coa equidade, os dereitos e o poder popular.

O asunto neuráxico, máis alá da doutrina, está na acumulación de forzas para impulsar a refundación do socialismo, dentro dunha realidade na que a axenda liberal gañou terreo importante, o que inclúe o asomo de posicións claramente neoliberais.

No cotián, de tanta tensión, faise complexo formular termos como socialismo, revolución, resistencia, asociados por moita xente ao resultado nefasto da xestión do goberno.

A loita pola xustiza, a liberdade, a socialización do poder, exige hoxe moita creatividade. Exixe respostas concretas, solucións. En relación con iso, tamén o exige a produción dunha narrativa xusta e obxectiva, sobre o proceso da revolución cubana, os seus intentos, os seus logros, as súas faltas. Estas son tarefas a longo prazo, as que non poden deixarse para despois, accións políticas que esperancen o pobo, a todas luces cansado.

Que perspectivas ves a curto e medio prazo? Que pode suceder en Cuba?

A situación é realmente volátil e impredecible. Dun lado, o acumulado da crise pode xerar un estoupido popular de maiores dimensións, coa consabida resposta represiva por parte do goberno. Isto, ademais de ser unha oportunidade complexa e dolorosa, servirá á estratexia norteamericana para xustificar unha intervención militar.

O comportamento errático da administración de Donald Trump engade combustible á situación. Se ben a incursión en Irán fóselle de control, o que puidera supoñer que a opción militar contra Cuba se postergue, non está pechada a posibilidade.

A carta dun “golpe quirúrxico”, tipo Venezuela, está sobre a mesa. Se ben as diferenzas son marcadas, non é disparatado pensar nesa posibilidade, e máis aínda, é necesario prepararse para ela.

No suposto de que o goberno cubano decida reformas económicas máis ousadas, e postergadas por demasiado tempo, faríao nas condicións máis complexas posibles, o que, de calquera xeito, faría máis lentas as solucións que, paradoxalmente, son cada vez máis urxentes.

A xente necesita datos concretos na mellora das condicións cotiás de existencia, sobre todo para esa ampla marxe da poboación en situación de pobreza. É pouco probable que cheguen boas noticias no curto prazo para esa maioría.

Que podemos facer hoxe por Cuba dende a solidariedade internacional?

A principal axuda é a denuncia constante das políticas de dobre nivel do imperialismo, a súa hipocrísia, a súa prepotencia. Desvelar ante o mundo a sinrazón de castigar un pobo por desexar practicar o dereito a organizar a súa vida social, económica e política do xeito que lle pete.

Ao mesmo tempo, non caer na tentación de relativizar a agresión co argumento da mala xestión do goberno. Iso non condiciona a interpretación e o posicionamento sobre as actuacións imperialistas.

A axuda material é tamén importante, e non só na súa materialidade concreta, senón no acto de dar a man, de compartir, de demostrar que só a vontade de facer pola xente salva a xente. Un pouquiño que chegue dende o esforzo mobilizador da solidariedade, é unha labazada sen mans aos gobernos que, pregados ao imperialismo, e aferrados aos seus propios intereses, non pasan das declaracións (no mellor dos casos).

A solidariedade con calquera pobo que se enfrente ao imperialismo é un deber moral, político, histórico. Nas costas de pobos como o venezolano, o iraní e o cubano, está a dignidade humana á que todos e todas nos debemos. A solidariedade é tamén un xeito de resistencia. 🧠



MEMORIA 2025

TRAZANDO RESISTENCIAS FRENTE A LAS CRISIS: FEMINISMOS, SOBERANÍAS Y JUSTICIA GLOBAL.

Más de 275 actividades de educación, sensibilización e incidencia feminista, ecosocial y antirracista impulsadas desde Entrepueblos en distintos territorios del Estado español, consolidando al mismo tiempo alianzas estratégicas en América Latina y reforzando nuestra dimensión internacionalista por una justicia global feminista. Hemos combinado trabajo de base, articulación en red e incidencia pública.

En un contexto marcado por el aumento de las vulneraciones de derechos, el cierre de espacios para la sociedad civil y la profundización de la crisis ecosocial, hemos participado activamente en **campañas y acciones de movilización**, reforzando nuestra presencia en el debate público y en la construcción de alternativas.

FEMINISMOS QUE CUIDAN LA VIDA

Durante el 2025, el eje de feminismos de Entrepueblos se ha reafirmado como uno de los pilares centrales de nuestra acción transformadora, en un contexto global marcado por el avance de los autoritarismos, el recrudecimiento de las violencias patriarcales, el cierre de espacios para la sociedad civil y la intensificación de las crisis ecosociales, poniendo en el centro la sostenibilidad de la vida y la necesidad de transitar hacia modelos económicos más justos.

Este trabajo se ha desarrollado a través de nuestra base social en Castellar del Vallès, Mallorca, Murcia, Valladolid, Valencia, Andalucía, Madrid, Navarra, Menorca, Barcelona, Tarragona, Euskadi, Alicante, Asturias y Burgos, adaptándose a los contextos locales y reforzando una red feminista diversa y con arraigo territorial.

Hemos tenido momentos clave, como el 8 de marzo o el 25 de noviembre, y procesos más amplios de articulación feminista. La dimensión internacional ha tenido un papel destacado, con las giras de compañeras de Perú **“Cuerpos, territorios y derechos en disputa”**, de Ecuador o Cuba, que han permitido compartir experiencias y fortalecer alianzas en torno a la construcción de alternativas ecosociales desde los feminismos. Destaca la presentación del libro **Mujeres y conflictos ecoterritoriales. Impactos, estrategias, resistencias** de la escritora, periodista y activista feminista Rocío Silva Santisteban, sobre el papel de las mujeres en la defensa del territorio en el Perú y América Latina.

El trabajo sobre **cuerpos e identidades** ha cobrado fuerza mediante procesos con colectivos de mujeres migradas y trabajadoras del hogar y los cuidados, así como a través del uso del arte y el audiovisual como herramientas de transformación. Iniciativas como el ciclo de **Dona'm Cine**, las proyecciones de **La Red de la Vida** o de **Las Caminantas** han generado espacios de diálogo en distintos territorios, visibilizando las intersecciones entre migración, racismo y precarización.

Finalmente, la apuesta por las **economías feministas y la sostenibilidad de la vida** se ha consolidado como eje estratégico, con la participación en espacios como el I Encuentro de Economías Feministas de Abya Yala celebrado en Buenos Aires y el IX Congreso de Economía Feminista de Sevilla, así como mediante actividades de sensibilización en distintos territorios. Estas acciones, junto con la gira de intercambio con compañeras del Grupo Galfisa (Cuba) y el trabajo en red con organizaciones feministas y LGTBIQ+, refuerzan una agenda común que consolida un feminismo internacionalista.

SOBERANÍAS Y DEFENSA DE LOS BIENES COMUNES

Durante 2025, el trabajo en el eje de soberanías ha continuado profundizando en la **denuncia del poder corporativo y en la defensa de los bienes comunes frente a la crisis global**. En el ámbito europeo, la participación en redes como EULAT ha permitido avanzar en procesos de análisis, formación e incidencia política en torno a la estrategia *Global Gateway* de la Unión Europea, que prioriza los intereses empresariales y el acceso a materias primas por encima de los derechos humanos y la justicia global.

En el ámbito estatal y local, se ha mantenido una implicación activa en campañas de oposición al acuerdo Unión Europea–Mercosur, participando en acciones públicas en Madrid y Barcelona para denunciar sus impactos sobre el campesinado, el medio ambiente y la soberanía alimentaria. En paralelo, en Bilbao se participó activamente, en el marco de la plataforma *Kapitalari Planto*, en la elaboración y la presentación pública del informe sobre Osakidetza –la salud pública vasca– visibilizando la captura privada de los servicios públicos.

En Valencia, el proyecto “Cuidemos el planeta” ha articulado jornadas formativas, producción audiovisual y talleres en centros educativos para fortalecer herramientas de defensa ambiental. En Alicante, el proceso comunitario “Construimos comunidad” ha reunido a vecindario, universidad y tejido social en un ciclo de talleres orientados a la defensa del barrio frente a la especulación y la turistificación, reforzando la organización comunitaria frente al extractivismo urbano.

En esta misma línea, se ha participado en diversas movilizaciones por el derecho a la vivienda y contra la turistificación en ciudades como Alicante, Barcelona y Mallorca, así como en encuentros de articulación territorial como el Encuentro de Luchas de Defensa del Territorio celebrado en El Prat o la movilización en Mont-roig del Camp contra proyectos industriales que amenazan el suelo agrario y agravan la crisis ecosocial.

El trabajo en torno a la **emergencia climática y las migraciones forzadas por causas ambientales** ha sido otro de los ejes destacados del año. La exposición *“Migración y cambio climático”* ha recorrido Euskal Herria - Iruña, Urduliz, Getxo, Santurtzi y Bilbo –acompañada de charlas informativas y la proyección de las películas *“50 grados”* o *Mariposas Negras*. También ha estado presente en Burgos y Cataluña, acompañada de charlas, proyecciones y actividades educativas en institutos, centros cívicos y espacios comunitarios. En paralelo, se han realizado presentaciones de materiales audiovisuales como *50 grados Vol II*, incluyendo su estreno en Barcelona y su difusión en Valencia, Euskadi, Manresa y Tarragona.

Finalmente, se ha seguido impulsando la construcción de **alternativas desde la soberanía alimentaria, la economía**

solidaria y la transición ecosocial con la presentación del libro *Tierra trágame. Versos para sembrar* en Alicante, talleres sobre Seguridad Social Alimentaria en Barcelona y espacios de reflexión en torno a economías transformadoras en ferias y encuentros de economía solidaria. Asimismo, a través del grupo de trabajo de EULAT sobre Transición Justa se ha participado en la elaboración y difusión el *policy paper* de EULAT, “Una Transición Verde y Justa, ¿Para Quién? Un análisis desde América Latina” dirigido a la incidencia política antes las instituciones europeas. También hemos participado en formaciones universitarias y en espacios de articulación como la Asamblea Catalana por la Transición Ecosocial, donde hemos colaborado especialmente en el impulso del Pacto por la Soberanía Alimentaria.

DEFENSA DE DERECHOS Y JUSTICIA GLOBAL

Alrededor de este eje nuestra acción combinó análisis crítico, formación, sensibilización e incidencia política y se estructuró en ejes como defensoras de derechos, memoria histórica y lucha contra la impunidad, ciudadanía global y derechos sociales.

Sobre la protección del **derecho a defender los bienes comunes y el territorio**, coincidiendo con la COP30 (Belém, Brasil) organizamos la gira **“Cuerpos, territorios y derechos en disputa. Resistencias colectivas en Perú”**, un recorrido estatal que reivindica que la transición energética no puede construirse sobre territorios sacrificados ni vidas criminalizadas. En Barcelona, València, Alacant, Bilbao, Burgos, Valladolid y Madrid compartimos experiencias y análisis sobre los derechos humanos de quienes defienden del territorio frente a la criminalización, y las alternativas ecosociales desde el Sur andino, tendiendo puentes con las demandas de justicia climática en Europa.

En el trabajo en **memoria histórica y lucha contra la impunidad** destacan iniciativas como la participación en el Congreso Internacional “El Tiempo de los Derechos” en València o la organización de las jornadas “Memòria i Resistències” en Barcelona, en articulación con la *Taula Catalana pels Drets Humans i la Pau a l'Amèrica Central*, que han permitido visibilizar las resistencias en América Central y fortalecer redes de denuncia y solidaridad internacionalista, así como articular políticamente redes de la diáspora centroamericana.

En **ciudadanía global** impulsamos procesos formativos y espacios de reflexión, incluyendo formación en incidencia internacional, encuentros sobre antirracismo y diálogos intergeneracionales sobre narrativas. Estos procesos se han complementado con la continuidad de proyectos de educación emancipadora en institutos y universidades, especialmente en Valencia y Alicante, promoviendo el análisis crítico de las vulneraciones de derechos, así como el reconocimiento del papel de las personas migrantes en las cadenas globales



de cuidados. Asimismo, se han incorporado metodologías artísticas como el teatro-debate para abordar las causas y consecuencias de las migraciones desde una perspectiva feminista.

En Valencia se ha acompañado el trabajo de sensibilización y formación sobre la justicia climática con la realización de talleres sobre desobediencia civil y acción no violenta. También se han generado espacios de reflexión sobre alternativas al modelo económico dominante, como el ciclo online “Los derechos básicos fuera del capitalismo”, así como la elaboración de informes sobre vulneraciones de derechos en América Latina.

Este trabajo se ha reforzado a través de la participación en el grupo de trabajo sobre el Espacio Cívico de EU-LAT, que han permitido visibilizar vulneraciones de derechos humanos y fortalecer la incidencia política a nivel europeo.

EDUCACIÓN EMANCIPADORA Y COOPERACIÓN SOLIDARIA

A lo largo del año, seguimos defendiendo una cooperación solidaria y feminista, y una educación transformadora, visibilizando el papel transformador de la cooperación frente al relato de la extrema derecha.

En el ámbito de la incidencia, participamos en el Foro de la Sociedad Civil de la IV Conferencia Internacional de la ONU sobre Financiación para el Desarrollo, en Sevilla. Y a nivel más local, en el Foro Madrid Solidaria, contribuyendo a situar la defensa de la cooperación en la agenda pública. Participamos también en consejos municipales y espacios institucionales de cooperación, como en Tarragona, Barcelona o Getxo, así como en procesos de denuncia y movilización frente a recortes en políticas públicas y fondos destinados a cooperación, como en Burgos y en Jumilla (Murcia). En Murcia, se ha participado en distintos espacios impulsados por la Coordinadora de ONGD, incluyendo las jornadas del Día del Cooperante.

Este trabajo se ha visto reforzado por la implicación continuada en las coordinadoras territoriales de ONGD, desde

donde se ha desarrollado una intensa labor de incidencia, seguimiento de políticas públicas y construcción colectiva de propuestas. Destaca la participación en la Coordinadora Valenciana de ONGD, en LaFede de Catalunya, la implicación en la Coordinadora Vasca, la red de ONGD de Madrid o la Coordinadora de ONG de Tarragona.

En el ámbito de la sensibilización y activación social, a nivel local, se han impulsado acciones como la difusión de la cooperación de Entrepobles en centros educativos en Valencia, la jornada de acogida al activismo en Alicante, la participación en espacios comunitarios y ferias de solidaridad como la de Getxo o el desayuno-coloquio “Mujeres que lideran el desarrollo en países empobrecidos” celebrado en Valladolid.

COMUNICACIÓN PARA LA TRANSFORMACIÓN SOCIAL

En 2025 hemos consolidado nuestra comunicación como herramienta estratégica de incidencia, combinando renovación digital con la nueva web, la producción de contenidos en Tiktok e Instagram, así como la campaña de consolidación y ampliación de nuestra base social.

La renovación integral de la página web ha incorporado un diseño más dinámico, accesible y orientado al espacio de participación (Asociarse). Esta transformación ha tenido un impacto directo en su uso: en 2025 se ha pasado de las más de 51.000 páginas vistas, frente a las 31.500 del 2024. Destaca también el crecimiento de la audiencia de mujeres entre las personas usuarias, así como la proyección internacional de la web.


El contenido audiovisual se ha consolidado como el principal motor de atracción, junto con recursos históricos como la publicación “Las mujeres alimentan al mundo”.

En redes sociales, 2025 ha sido un año de crecimiento y diversificación. La apuesta por canales como Instagram y TikTok ha permitido ampliar públicos. Se ha consolidado la presencia en LinkedIn. La apertura del canal en Bluesky, con más de 580 seguidoras y una actividad constante, ha permitido también posicionar discursos de incidencia política. Otras redes como Facebook mantienen comunidades estables y activas en los distintos territorios, mientras que YouTube continúa creciendo de forma sostenida.

La producción de contenidos ha estado estrechamente ligada a las principales acciones del año, incluyendo la cobertura de la Asamblea 2025 en Bilbao, las giras internacionales de Perú, Ecuador y Cuba, el estreno de *50º Vol II*, la campaña de ampliación de base social, o iniciativas como el podcast “Desmantelando” en colaboración con El Salto. Estas acciones han contribuido a reforzar la coherencia narrativa, ampliando su impacto más allá de los espacios presenciales.

Los boletines digitales son una herramienta clave de vínculo con la base social, se han enviado 17 a lo largo del año, con tasas de apertura situadas entre el 35% y el 40%. 📧

DATOS E IMPACTOS DE NUESTRA ACCIÓN



PROYECTOS EJECUTADOS 2025: COOPERACIÓN Y EDUCACIÓN EMANCIPADORA EN AMÉRICA LATINA Y EL ESTADO ESPAÑOL

CENTROAMÉRICA	310.550,34
■ Consolidación de la Red Centroamericana de Comunicación como un espacio de información comunitaria en la región (Fase III). Fundación Luciérnaga, Red Centroamericana de comunicación.	15.665,64
■ Impulso a la comunicación comunitaria en la región centroamericana. FUNDAERIC	36.471,37
■ Organizaciones aliadas incidiendo para el un ejercicio libre de derechos sexuales y reproductivos a América Central (El Salvador, y Honduras). Asociación Colectiva de Mujeres para el Desarrollo Local, Red contra la Violencia de Choluteca.	169.520,00
■ Protección integral de defensores y defensoras de DDHH en contextos de criminalización creciente en América Central. CUC y CDM, Centro de derechos de la mujer	88.893,33
CUBA	35.731,67
■ Mujeres y sostenibilidad de la vida desde el movimiento social popular en Cuba. GALFISA	33,86
■ Políticas públicas y liderazgo feminista de mujeres en La Habana. GALFISA	35.697,81
EL SALVADOR	623.865,37
■ Mujeres, juventudes y personas LGTBI+, por el derecho a una vida libre de violencias y acceso a medios de reactivación económica para fomentar el desarrollo humano sostenible, en 9 municipios de la zona oriental de El Salvador. LA COLECTIVA	214.132,90
■ Promoviendo la resiliencia de las cooperativas agropecuarias del corredor seco para fortalecer la igualdad de género, la soberanía alimentaria y la justicia ambiental. CONFRAS	194.624,01
■ Contribuyendo a la mitigación de los impactos del Cambio climático y la construcción de territorios sostenibles con participación comunitaria en El Salvador. MOVIAIC	36.819,37
■ Mujeres emprendedoras luchando por sus derechos y su autonomía económica. LAS MÉLIDAS	61.945,68
■ Mujeres y juventudes construyendo alianzas por una vida libre de violencia para las mujeres. LAS DIGNAS	53.722,99
■ Transporte escolar al Bajo Lempa El Salvador. NUEVA ESPERANZA	10.103,11
■ Fortalecer el Sistema Indígena-intercultural de aprendizajes y estudios como un espacio de formación-acción. MOVIAIC	24.968,84
■ Fortaleciendo el accionar del MOVIAIC en la construcción de territorios sostenibles y resilientes en coordinación con la municipalidad frente a los desafíos del cambio climático. MOVIAIC	27.548,47
GUATEMALA	287.057,91
■ Consolidar el liderazgo político de las mujeres Mayas organizadas para la incidencia en defensa del derecho y la dignificación de su calidad de vida, en el contexto de la pandemia COVID-19. Guatemala. CONAVIGUA	100.722,82
■ Generar condiciones que contribuyan a la mitigación y prevención de las violencias contra las mujeres y la niñez maya. Kaqlá	27.385,95
■ Contribuyendo a la autonomía integral de las mujeres indígenas campesinas de las regiones Kaibil Balam-Huehuetenango y Mateo López Calvo-Quiché. CUC	56.668,32
■ Protegiendo bosques y agua: generación hidroeléctrica en Unillá Pacalá. Madreselva	49.571,16
■ Empoderamiento político y autonomía económica de mujeres indígenas y campesinas. CUC	28.463,30
■ Fortalecer el Sistema Indígena-intercultural de aprendizajes y estudios como un espacio de formación-acción. CIDECI	9.770,04
■ Promoviendo el empoderamiento social y político de las mujeres mayas organizadas por la defensa de sus derechos. CONAVIGUA	8.532,44
■ Fortaleciendo las capacidades personales y organizativas en la construcción del bienestar y plenitud de vida de las mujeres y juventud maya para vivir vidas sin violencias. Guatemala. KAQLA	5.775,15
■ Cuidado ambiental y energía renovable en comunidades indígenas de Guatemala. MADRESELVA	123,00
■ Fortalecer el Sistema Indígena-intercultural de aprendizajes y estudios como un espacio de formación-acción de jóvenes, mujeres y hombres, de las comunidades indígenas y de las organizaciones sociales de Chiapas desde la práctica de la equidad de género y la sostenibilidad ambiental (Fase II). CIDECI	45,73

PROYECTOS EJECUTADOS 2025 (cont.)


ECUADOR	962.069,42
■ Pueblos indígenas del Ecuador construyen el Sumak Kawsay desde el empoderamiento de las mujeres indígenas y la defensa de los derechos colectivos. Ecuador, Amazonía. CONFENIAE, MICC, ECUARUNARI, CONAICE, OMIKSE. CONAIE	111.298,72
■ Consolidando un modelo de desarrollo socio económico local basado en relaciones justas, equitativas y ambientalmente sostenibles. Guayas-Ecuador. MCCH	163.778,71
■ Mujeres, pueblos indígenas y colonos defienden los Derechos Humanos y Derechos de la Naturaleza ante la actividad petrolera en la Amazonía ecuatoriana. UDAPT	5.028,45
■ Mujeres defensoras, pueblos indígenas y afros y sociedad civil organizados para la exigencia de los Derechos Humanos, Colectivos y de la Naturaleza. ACCIÓN ECOLÓGICA	331.646,28
■ Mujeres de sectores populares organizadas y empoderadas para la defensa de derechos por una vida digna en Ecuador. MUJERES DE FRENTE	51.074,28
■ Sistema de participación social fortalecido impulsa modelo productivo sostenible con enfoque de género y derechos en Cotacachi (Ecuador) AUCC y TOISAN en agrupación con MUNDUKIDE	109.120,73
■ Pueblos indígenas y campesinos fortalecen su gobernanza territorial, exigibilidad de derechos y protección de defensores y defensoras de la Naturaleza con liderazgo de mujeres y jóvenes. UDAPT, MICC, OMIKSE	87.628,54
■ Mujeres organizadas defienden sus derechos y promueven la economía social y solidaria, con enfoque de sostenibilidad ambiental e interculturalidad en Cotacachi. AUCC	97.590,54
■ Estrategias de respuesta comunitaria frente a las violencias: formación, incidencia y acompañamiento en violencias basadas en género y justicia reproductiva. SURKUNA	4.903,17
PERÚ	962.450,47
■ Comunidades campesinas, organizaciones y personas defensoras de los DHA promueven iniciativas y alianzas para el ejercicio de derechos, la protección ambiental y la construcción de alternativas sostenibles en territorios afectados por actividades extractivas en Perú. GRUFIDES, RED MUQUI	160.095,08
■ Movimiento feminista articulado para la restitución y posicionamiento de los derechos de las mujeres niñas y adolescentes aportando al desarrollo territorial del sistema de prevención de las violencias y cuidados desde un enfoque feminista, interseccional y transformador que ponga la vida "digna" en el centro. FARMAMUNDI, DEMUS Y FLORA TRISTAN	293.138,68
■ Mujeres organizadas y diversas defienden sus cuerpos y territorios de la violencia estructural impulsando prácticas y políticas para el ejercicio y exigibilidad de sus derechos en Cusco y Apurímac. Perú, en las regiones del Sur Andino que conforman el Corredor Minero del Sur – Cusco y Apurímac. DHSF, APDRODEH	59.712,59
■ MAP – Movilizate, Articula, Participa. Organizaciones y redes de mujeres promueven la igualdad y la prevención primaria de la violencia de género en Perú. DEMUS	12.035,62
■ Derecho a defender derechos en Perú -Protección de defensores/as en Perú. CNNDH	20.938,06
■ Construyendo movimiento y ciudadanía ambiental e indígena para la defensa y ejercicio de derechos en el Perú. Cooperación	223.733,24
■ Fortalecimiento de redes feministas y LGBTQ+ para una agenda nacional por el derecho a decidir y la autonomía sexual y reproductiva en Perú. DEMUS APRODEH	192.797,20
EDUCACIÓN EMANCIPADORA	517.178,28
■ Tejemos alternativas ecofeministas por una incidencia ciudadana transformadora interconectando Sur y Norte. Caminando hacia un modelo arraigado en los territorios, feminista, social y ambientalmente sostenible (bianual)	253.073,29
■ Acción por el clima: Ciudadanía global comprometida con el desarrollo humano y medioambiental sostenible en Menorca a través de la formación y la sensibilización para la sostenibilidad de la vida	343,51
■ Campaña de nuevos socios y socias y plan de cuidados y fortalecimiento de la vida activista en Entrepobles	4.550,00
■ Ciudadanía del Sur y Norte Global tejiendo saberes para la defensa de los DDHH y los bienes comunes.	54.379,36
■ Ciudades vivibles y feministas: construyendo una ciudad cuidadora y de acogida	44.049,31
■ Cuidando el planeta: Juventud y ciudadanía valenciana movilizadas por la justicia ambiental y la transición ecosocial	8.797,17
■ ¡Caminamos juntas hacia las transiciones ecosociales! Por un cambio de paradigma global que promueva las economías feministas y transformadoras.	58.421,44
■ Migraciones climáticas	1.464,36
■ Migraciones ambientales, comunidades expulsadas y resistencias en común	2.628,90
■ Tiempo de acción social y política: ¡hacia un pacto global de transición ecosocial!	38.635,45
■ Tejiendo redes desde Elche para la defensa de los DDHH y de la tierra	2.105,40
■ Resignificamos los DH en riesgo, la igualdad de género y el derecho a un medio ambiente con epistemologías del sur vinculadas a Guatemala, Honduras, México, Colombia, Ecuador, Perú y Marruecos.	6.799,63
■ X Jornadas Valladolid con Palestina y contra el Apartheid de Israel (BDS)	2.419,76
■ Tiempos de coherencia de políticas desde la protección integral feminista.	39.510,70

Fuente: documento de proyectos 2025

Valores en euros


INGRESOS Y GASTOS DISTRIBUIDOS ENTRE COOPERACIÓN INTERNACIONAL, EDUCACIÓN, SENSIBILIZACIÓN Y GESTIÓN INTERNA

Distribución de ingresos



Cuotas socios/as		117.761,24
Cuotas socios/as	1,72%	72.162,02
Donaciones	1,09%	45.599,22
Subvenciones a proyectos		3.711.276,50
Ingresos por subvenciones a proyectos	88,37%	3.711.276,50
Subvenciones a estructura		369.262,33
Ingresos por subvenciones a estructura	8,79%	369.262,33
Ingresos financieros		1.608,32
Ingresos financieros	0,04%	1.608,32
Total		4.199.908,39

Valores en euros



Distribución de gastos

Gastos a proyectos de cooperación	75%	3.266.241,81
Gastos a proyectos de educación e incidencia	12%	501.800,38
Gastos de administración y funcionamiento	13%	558.190,00
Total		4.326.232,19


Valores en euros

Fuente: balance económico 2025

BASE SOCIAL

1.407 personas socias activas a cierre de año

Porcentaje por comunidades autónomas



Andalucía	4,83%	Otros países	0,50%
Aragón	1,21%	Extremadura	0,14%
Asturias	1,28%	Galicia	5,90%
Illes Balears	2,13%	Islas Canarias	0,21%
Cantabria	0,92%	Madrid	6,11%
Castilla la Mancha	3,20%	Murcia	7,82%
Castilla y León	20,26%	Navarra	0,28%
Catalunya	23,88%	La Rioja	1,07%
País Valencià	18,19%	Euskal Herria	2,06%

Fuente: listado de socias a 31/12/2025

FINANCIACIÓN A PROYECTOS

Visualización por territorios

PAÍS	TÍTULO	CONTRAPARTE	FINANCIADOR	IMPORTE
EL SALVADOR	Fortaleciendo el accionar del MOVIAAC en la construcción de territorios sostenibles y resilientes en coordinación con la municipalidad frente a los desafíos del cambio climático.	MOVIAAC CESTA	Fons Menorquí de Cooperació	70.000,00
	Protección y resiliencia feminista para defensoras de DDHH en riesgo en El Salvador	Colectiva de Mujeres para el Desarrollo Local - Colectiva Feminista	Ajuntament de Barcelona	80.000,00
	Mujeres y jóvenes defendiendo sus derechos por una vida libre de violencias y autonomía económica.	Colectiva de Mujeres para el Desarrollo Local - Colectiva Feminista	Generalitat Valenciana	441.959,00
	Encadenamiento productivo cooperativista de semillas agroecológicas	Centro de Investigación, Experimentación y Transferencia de Tecnología Agroecológica (CIETTA- CONFRAS) Y Centro Tecnológico de Agricultura y Ganadería (CETAG-UES)	Generalitat Valenciana	550.000,00
	Mujeres y Territorios: Tejiendo Liderazgo para la Construcción de Ciudades Seguras y Sostenibles	Asociación de Mujeres por la Dignidad y la Vida LAS DIGNAS	AMB	35.188,54
CHIAPAS	Fortalecer el Sistema Indígena-intercultural de aprendizajes y estudios como un espacio de formación-acción de jóvenes, mujeres y hombres, de las comunidades indígenas y de las organizaciones sociales de Chiapas desde la práctica de la equidad de género y la sostenibilidad ambiental (Fase II)	Centro Indígena de Capacitación Integral "Fray Bartolomé de las Casas" A.C. - CIDECI-	Ayuntamiento de Getxo	29.987,15
PERÚ	Territorio, derechos y buen vivir: alternativas para la gestión colectiva de los bienes comunes y la promoción de derechos en Espinar, Chumbivilcas, Paruro y Cusco.	Derechos Humanos Sin Fronteras (DHSF)	Agencia Vasca	595.573,11
	Construyendo movimiento y ciudadanía ambiental indígena para la defensa y ejercicio de derechos en el Perú	Cooperación	Generalitat Valenciana	809.419,00
	Derechos a Defender Derechos en Perú Fase 2 Protección de Defensoras	Coordinadora Nacional de Derechos Humanos (CNDH)	Ajuntament de Valencia	60.000,00
CENTROAMÉRICA	Protección integral, fortalecimiento organizativo y cuidados a las personas defensoras de DDHH, en especial a las mujeres, en contextos de creciente cierre de espacios democráticos en la región de Mesoamérica (Guatemala, México y Honduras) y Colombia	<ul style="list-style-type: none"> • Peace Brigades Internacional - Proyecto Colombia (PBI Colombia) • Sociedad Brigadas de Paz Internacionales (PBI Guatemala) • Peace Brigades Internacional - México Project • Peace Brigades Internacional Costa Rica – Proyecto PBI • Asociación Comité de Unidad Campesina (CUC) Guatemala • Centro de Derechos de Mujeres (CDM) Honduras • Unidad de Protección a Defensoras y Defensores de DDHH UDEFEGUA 	Agència Catalana de Cooperació al Desenvolupament (ACCD)	959.793,00
			Ajuntament de Vilafanxa Penedès	16.784,63
			Ajuntament de Castellar del Vallès	14.485,84
			Ajuntament de Santa Coloma de Gramenet	16.590,53
			Ayuntamiento de Burgos	30.634,79
	Impulso a la comunicación comunitarias en la región centroamericana (Fase II)	Fundación Equipo de Reflexión, Investigación y Comunicación (FUNDAERIC)		

MEMORIA 2025

PAÍS	TÍTULO	CONTRAPARTE	FINANCIADOR	IMPORTE
GUATEMALA	Promoviendo el empoderamiento social y político de las mujeres mayas organizadas por la defensa de sus derechos	Coordinadora Nacional de Viudas de Guatemala CONAVIGUA	Agencia Asturiana de Cooperación. Mujeres	100.000,00
			Ajuntament d'Elx	22.200,00
	Fortaleciendo las capacidades personales y organizativas en la construcción del bienestar y plenitud de vida de las mujeres y juventud maya para vivir vidas sin violencias	Asociación Grupo de Mujeres Mayas KAQLA	Agencia Asturiana de Cooperación	109.681,90
	Cuidado ambiental y energía renovable en comunidades indígenas de Guatemala	Asociación Colectivo Madreselva	Govern Balear	125.000,00
ECUADOR	Contribuyendo al cumplimiento del derecho a la vivienda digna a través de la soberanía energética comunitaria y la gestión ambiental sostenible de tres comunidades de la Zona Reina, Guatemala, bajo un enfoque de participación comunitaria	Asociación Colectivo MadreSelva	Junta de Castilla y León	237.000,00
	“Organizaciones montubias liderando la acción y la justicia climática para la resiliencia socioeconómica en humedales de Los Ríos y Guayas”	Maquita	Ayuntamiento de Madrid	350.000,00
	Estrategias de respuesta comunitaria frente a las violencias: formación, incidencia y acompañamiento en violencias basadas en género y justicia reproductiva	Surkuna	Ajuntament de Tarragona	41.398,83
	Mujeres, adolescentes, niñas y niños de sectores populares fortalecen procesos colectivos por el derecho a una vida digna en Quito	Mujeres de Frente	Diputació de Valencia	60.000,00
Mujeres, jóvenes y comunidades empoderadas como agentes de cambio para la defensa de los Derechos Colectivos y de la Naturaleza en Ecuador	Acción Ecologica	Agencia Vasca	599.886,77	

Fuente: Mapa de financiación ejecutada 2025

Valores en euros

Proyectos de educación emancipadora

TÍTULO	FINANCIADOR	IMPORTE
Cap a on va el Clima? Encara és possible. Construint noves formes de vida per a futurs alternatius	Generalitat Valenciana	234.664,00
Territorios vivos: trenzas de resistencia y cuidado	Gobierno Vasco	291.040,45
Exposición “Activistas por la vida” y visitas guiadas por la defensa de la vida	Ayuntamiento de Getxo	9.000,00
Cuidando el planeta II	Ajt. València	24.996,36
Desarrollo psicocomunitario en clave de emergencia social y catástrofes.	Generalitat Valenciana DANA	179.370,00
Defensem polítiques que posin els DH i la justícia global i ambiental al centre.	Ajuntament de Barcelona	7.500,00
Migracions ambientals, comunitats expulsades i resistències en comú (fase II).	Ajuntament de Barcelona	14.135,06
Feminismes internacionalistes i Justícia global.	ACCD	700.000,00

Fuente: Mapa de financiación ejecutada 2025

Valores en euros



Consulta la Memoria completa de 2025:





Guías africanas e afrodiaspóricas na loita feminista internacionalista

Miriam Nobre
Activista feminista brasileira

UN MOVIMIENTO FEMINISTA INTERNACIONAL CON RAÍCES AFRICANAS

A Marcha Mundial das Mulleres é unha experiencia viva de internacionalismo feminista. Xurdiu a fins dos anos noventa, nun momento no que o ciclo de conferencias sociais das Nacións Unidas buscaba influír no vocabulario, as propostas e mesmo nas maneiras organizativas do movemento feminista. A Marcha constituíuse como un instrumento de presión sobre as instancias multilaterais, ao tempo que recoñecía os Estados nacionais como espazos de interlocución e disputa política, variables segundo cada contexto. Isto reflíctese na súa estrutura organizativa, que conta con decesas de coordinacións nacionais.

Moitas das que organizamos a Marcha en Brasil recoñecemos no internacionalismo feminista socialista, asumindo a diversidade da súa historia. A Marcha é tamén unha ferramenta para recuperar a contribución das traballadoras na construción do feminismo. Un exemplo diso é a recuperación da historia do 8 de marzo, Día Internacional da Loita das Mulleres, como unha historia de folgas, mobilizacións e posicionamentos de mulleres nas conferencias internacionais de mulleres socialistas e comunistas a comezo do século XX.

A primeira Acción Internacional da Marcha, no ano 2000, concluíu cunha mobilización fronte á sede das Nacións Unidas. En 2005 o peche realizouse en Burkina Faso e, en 2010, na República Democrática do Congo. Este desprazamento non foi só xeográfico: tamén implicou unha proposta de pensar o mundo dende outros lugares e outros puntos de partida.



O peche da acción na República Democrática do Congo é un exemplo diso. Unha parte fundamental consistiu en chegar ata unha zona de conflito aberto en Mwenga para asegurar o enterro, segundo as tradicións locais, de catorce mulleres acusadas de bruxería e enterradas vivas doce anos antes. Outorgar dignidade á morte e recompoñer o fío da memoria e do ancestral para dar sentido á vida só puido converterse nun eixe central para nós porque nos abrimos a aprender das mulleres africanas.

PANAFRICANISMO, ANTICOLONIALISMO, INTERSECCIONALIDADE E INTERNACIONALISMO

Máis de quince anos despois, elas vólvennos guiar na preparación da Escola Internacional de Organización Feminista (IFOS, polas súas siglas en inglés), cuxa próxima edición se celebrará en setembro de 2026 en Kenia, cunha participación centrada en mulleres africanas e da diáspora en todo o mundo.

Falar de pobos en diáspora implica recoñecer a súa conexión cos territorios de orixe e a resistencia á completa asimilación nos lugares de chegada. En moitos casos, esa diáspora comezou co tráfico de persoas escravizadas, que entre os séculos XVI e XIX supuxo o secuestro de arredor de 12,5 millóns de persoas africanas. O capital acumulado a partir dese comercio está vinculado a bancos e empresas que aínda existen na actualidade.

As migracións continuaron producíndose como consecuencia do colonialismo, responsable de guerras, conflitos e sancións económicas que impediron aos pobos africanos organizar plenamente as súas economías e sociedades.

A formulación teórico-organizativa que articula as loitas antirracistas da diáspora coas loitas de liberación e independencia en África recibiu o nome de panafricanismo. Este movemento buscou recoñecer e reconectar os pobos divididos polo colonialismo.

Pensadores como Marcus Garvey, Aimé Césaire e Frantz Fanon convertéronse en referencias fundamentais, con achegas sobre a liberación do continente africano, o respecto propio e a responsabilidade mutua entre os pobos afrodescendentes, así como sobre as estruturas sociais do malestar psíquico que afecta aos homes negros.

O feminismo negro, pola súa parte, foi recuperando as traxectorias e contribucións teóricas de moitas mulleres. Entre elas atópanse as irmás Nardal, cuxas reflexións sobre a negritude influíron nas de Aimé Césaire, ou Amy Ashwood Garvey, quen impulsou en Jamaica a Asociación Universal para o Progreso Negro (UNIA), organización panafricanista que deu proxección política a Marcus Garvey.

Entre as numerosas feministas negras, destacaréi a continuación as contribucións que articulan interseccionalidade e internacionalismo na obra de tres intelectuais militantes: Claudia Jones, Beatriz Nascimento e Lélia Gonzalez.



CLAUDIA JONES E AS REDES DE COIDADO DAS MULLERES NEGRAS

Claudia Jones naceu en Trinidad e Tobago en 1915. En 1924 emigrou coa súa familia a Harlem, en New York, onde militou no movemento antirracista e no Partido Comunista. Foi encarcerada, sometida a un proceso de deportación e, finalmente, en 1955, trasladouse ao Reino Unido, onde continuou a súa militancia en defensa das traballadoras inmigrantes.

En 1949 publicou o ensaio **“Un fin á negligencia fronte aos problemas da muller negra!”**, no que articula o punto de vista de quen “acumula a súa condición de negra, muller e traballadora”.

Un dos eixes centrais da súa reflexión é cómo conquistar a plena participación das mulleres negras na coalición antifascista e antiimperialista. Jones sinala que moitas mulleres negras xa desempeñaban roles de liderado nas súas comunidades, igrexas e redes de solidariedade, pero que as súas capacidades eran ignoradas cando ingresaban nas organizacións políticas. Alí eran tratadas como se necesitaran dar os seus “primeiros pasos” na organización política e deberan adaptarse a un modelo preestablecido.

Ao recoñecer as formas organizativas xa construídas polas mulleres negras, Claudia Jones politiza a maternidade

ao afirmar que “como nai, como negra, como traballadora, a muller negra loita contra o exterminio da familia negra”.

O coidado materno non provén unicamente da nai biolóxica, senón que se distribúe en amplas redes de mulleres formadas por familias extendidas, comadres e veciñanzas.

Fronte ao racismo, a violencia policial e o asasinato ou encarceramento de mozos negros, o coidado e a protección de nenos, adolescentes e mozos forman parte da resistencia. A partir da dor máis íntima —a busca dos seus fillos, o desexo de saber que ocorreu nos seus últimos momentos e a loita pola xustiza— xurden movementos como o das Nais e Avoas de Praza de Maio en Argentina ou as Nais de Maio en São Paulo, que denuncian os crimes cometidos por aparatos estatais tanto en ditaduras como en democracias.

BEATRIZ NASCIMENTO E A PAZ QUILOMBOLA

Beatriz Nascimento naceu en 1942 en Aracaju, no estado de Sergipe. En 1949 trasladouse coa súa familia a Río de Janeiro, onde estudou Historia, militou no movemento negro, escribiu poemas e ensaios e desenvolveu investigacións sobre os quilombos como sistemas sociais alternativos. En 1995 foi asasinada polo excompañeiro dunha amiga que sufría violencia doméstica.

Os quilombos son comunidades negras rurais e urbanas que xurdiron como refuxio durante a escravitude en Brasil. Inicialmente acolleron a pobos indíxenas e posteriormente a persoas afrodescendentes traficadas e escravizadas dende mediados do século XVI ata a abolición formal da escravitude en 1888.

O exemplo máis coñecido é o Quilombo de Palmares, que existiu durante case un século, entre 1597 e 1695, e reuniu a persoas negras de diversas orixes, así como a indíxenas e brancos pobres. Máis tarde tamén adquiriron recoñecemento outros quilombos, como o de Quariterê, en Mato Grosso, que no século XVIII foi liderado por Tereza de Benguela, hoxe homenaxeada en Brasil no Día Internacional da Muller Negra Latinoamericana e Caribeña.

Segundo o Censo Demográfico de 2022, arredor de 380.000 persoas identifícanse como quilombolas e viven en 5.972 localidades. Porén, só 181 delas —aproximadamente o 5 %— contan coa titulación total ou parcial dos seus territorios.

Beatriz Nascimento contribuíu a este proceso de autorrecoñecemento ao desenvolver a idea da **“paz quilombola”**, que vai máis alá da resistencia militar. Os quilombos funcionaban como sistemas sociais alternativos de base comunitaria, organizados en torno a unha identidade afrodescendente compartida.

En Brasil, os territorios onde existiron quilombos manteñen unha continuidade física e simbólica que permitiu preservar e atraer poboacións negras ata a actualidade. O quilombo opera así como un imaxinario de liberdade.



Esa continuidade tamén se expresa en manifestacións culturais e relixiosas profundamente arraigadas nos territorios, como as escolas de samba, o jongo ou o candomblé, vinculadas aos chamados **terreiros**. En América Latina e o Caribe, estes espazos atopan paralelos nos palenques, cumbes, comunidades cimarronas ou garífunas, entre moitas outras experiencias.

LÉLIA GONZALEZ E A AMERICANIDADE

Lélia Gonzalez naceu en 1935 en Belo Horizonte. En 1942 trasladouse coa súa familia a Río de Janeiro, onde estudou Historia e Xeografía, militou no movemento negro e feminista, participou na fundación do Partido dos Traballadores e ocupou diversos cargos públicos. Faleceu en 1995.

Gonzalez desenvolveu análises profundamente interseccionais sobre a situación da muller negra traballadora.

Para pensar o internacionalismo aportou, entre outros, dous conceptos clave: **pretugués** e **amefricanidade**. Ambos parten da idea de que as culturas formadas na diáspora non son unha simple superposición de linguas e tradicións africanas, senón procesos de síntese cultural.

A amefricanidade permite comprender como o racismo se configurou nas colonias ibéricas, cuxos Estados xa desenvolveran mecanismos de control social sobre poboacións mouras, xudías e xitanas en Europa. Fronte a iso, a forza cultural convértese nunha maneira de resistencia, visible na presenza compartida de linguaxes, símbolos e expresións culturais negras en América Latina e o Caribe.

América é, en palabras de Gonzalez, “unha creación nosa e dos nosos antepasados no continente en que vivimos, inspirada en modelos africanos”. Non se trata de reproducir África tal como foi ou como é hoxe, senón de recreala a través de novas experiencias históricas.


SIMILITUDES E CONTINUIDADES

Este texto busca amosar como a relación entre panafricanismo e feminismo contribúe á construción concreta do internacionalismo. As similitudes entre as formas locais de resistencia política e cultural revelan continuidades ao longo do tempo e en distintos lugares.

A politización da vida cotiá exprésase no coidado da vida a través de redes de solidariedade e responsabilidades compartidas nas comunidades. Estas redes expáñdense grazas á acción e a sabedoría dos pobos, especialmente das mulleres.

Así, os sentidos, similitudes e prácticas de coidado da vida —moitas veces en condicións adversas— continúan reproducíndose en múltiples sínteses culturais, como os terreiros e outros espazos comunitarios que existen en distintas partes do mundo. 🌍👥

Este artigo forma parte do proceso formativo da **Escola Acción Entrepobos: Colectivizando esperanzas**, un espazo de aprendizaxe compartida que naceu coa convicción de que o coñecemento colectivo é unha ferramenta de transformación social. Escrito por **Miriam Nobre**, activista e intelectual feminista dende Brasil, o texto recolle as reflexións da primeira sesión do módulo de internacionalismo feminista, que nos invita a mirar o feminismo como un movemento historicamente capaz de tecer redes de solidariedade máis alá das fronteiras, conectando loitas locais e globais, e situándose sempre na primeira liña da defensa dos dereitos humanos. Podes consultar máis información sobre a nosa Escola Acción en este QR:



Unirte a Entrepobos é defender a vida



Atopa a túa causa

“Unimos causas, trazamos resistencias. Atopa a túa causa” é o lema da nosa campaña de socias e socios de Entrepobos, un chamamento colectivo para seguir sostendo as loitas que nos unen dende hai case catro décadas. Nela contamos algo pouco habitual para Entrepobos: a nosa propia historia. Non por nostalxia, senón ao contrario: para impulsar novos movementos con máis forza.

Traballamos na campaña ao longo de 2025, a través dun proceso de construción colectiva e propuxémonos fortalecer a sostibilidade política e económica de Entrepobos ampliando a base social activa e doante, especialmente entre mulleres e disidencias mozas con valores afíns (cooperación solidaria, feminismos, xustiza ecosocial, antirracismo, internacionalismo).



O contexto no que xurde esta campaña é a necesidade de ampliar a nosa base social para garantir a sostibilidade e relevancia política da organización. Tamén temos identificado a necesidade de relevo xeracional. A campaña de socias parte deste mandato político e comunicativo.

O traballo de comunicación formulado, nesta primeira fase, foi unha campaña dixital, coidando especialmente a conceptualización dunha idea e a súa derivada visual. Non contemplamos investimento en publicidade (campaña 100% orgánica).

Algúns datos de partida son:

1. Base social actual envellecida e concentrada en territorios históricos.
2. Pouca visibilidade en espazos xuvenís e dixitais.
3. Bo momento narrativo tras a Asemblea 2025: relato actualizado + nova web
4. 1000 contactos externos con potencial non activado.

O foco da campaña púxose na captación de novas socias a través dunha narrativa emocional, identitaria e colectiva. Os obxectivos máis destacados son:

- Ampliar a base social, dando máis visibilidade a Entrepobos e o que facemos tanto no Sur Global como aquí.
- Posicionar a Entrepobos como unha organización transformadora e mellorar os espazos de comunicación e participación coa base social.
- Transmitir proximidade co público xeral. Intentar conectar con persoas interesadas polas loitas de entidade amosando o traballo feito
- Sensibilizar sobre a importancia da aportación económica para o apoio ás comunidades do Sur Global.
- Buscar “embaixadoras” da mensaxe “unimos causas, trazamos resistencias” de Entrepobos.

Con todo iso esperamos cambiar a tendencia á baixa de socias dos últimos 15 anos.

Os públicos aos que queremos chegar son persoas entre 35 e 54 anos, con valores afíns, capacidade económica e disposición para asociarse, pero que aínda non coñecen a organización. Queremos ampliar o alcance a persoas que aínda non nos coñecen, pero teñen afinidade cos nosos valores e liñas de traballo. Ademais axustaremos as estratexias en función dos diferentes territorios e comunidades autónomas.

A idea forza preliminar proposta é que somos máis que unha ONG, somos unha comunidade de afectos e loitas que te inclúen. Entre os valores que se trata de resaltar están a comunidade e vínculo, o feminismo transformador, a soli-

dariedade internacionalista, o coidado mutuo, a acción con sentido, a transparencia e horizontalidade.

As canles que estamos utilizando na campaña son as redes sociais nas que nos movemos habitualmente: Instagram, TikTok (para as persoas máis novas), Facebook (base social actual), Mastodon/Bluesky, a nova web, o email marketing e os medios aliados e espazos sociais.

CATRO DÉCADAS UNINDO CAUSAS E TRAZANDO RESISTENCIAS

A campaña ten como obxectivo reforzar o noso papel como ponte activa entre realidades diversas, articulando unha conexión viva entre os territorios onde acompañamos procesos de transformación social e aqueles nos que desenvolvemos accións de sensibilización, educación e incidencia. Dende esta lóxica, cada eixe de traballo concíbese como un espazo de interrelación que vincula experiencias e loitas en América Latina con iniciativas impulsadas no Estado español, ou ben aborda problemáticas de alcance global —como a crise eco-social, as desigualdades estruturais ou a defensa das defensoras de dereitos humanos— dende a súa expresión concreta no local.

Este enfoque responde á nosa maneira de entender a cooperación solidaria: non como unha relación unidireccional, senón como un proceso de apoio mutuo, aprendizaxe compartida e construción colectiva de alternativas, onde as prácticas e resistencias de comunidades campesiñas, indíxenas e movementos sociais do Sur global dialogan coas dinámicas de mobilización, incidencia e transformación no noso propio contexto.

Así, a campaña busca visibilizar e fortalecer esa dimensión local-global que atravesada toda a nosa acción, promovendo unha cidadanía crítica e comprometida que recoñeza as interdependencias entre territorios e asuma o seu papel na transformación das causas estruturais das inxustizas. Deste xeito, contribuímos a tecer redes de solidariedade internacionalista, coherentes cos nosos principios feministas, ecoloxistas e de xustiza social, e orientadas á construción de alternativas que poñan no centro a sostibilidade da vida.

Agora compartimos algúns textos da campaña para que poidamos amplificar a súa mensaxe, coa invitación a que os fagamos nosos e, entre todas, os convertamos nunha voz colectiva que resoe, se multiplique e chegue cada vez máis lonxe, tecendo redes e sumando miradas para ampliar o seu alcance.



Entrepobos naceu do impulso dos movementos de solidariedade con América Latina e hoxe segue a camiñar xunto aos que defenden a vida fronte ás opresións.

SOBERANÍAS PARA SOSTER A VIDA

En 1987 fomos parte dos primeiros grupos de solidariedade con Palestina. Camiñamos coas loitas contra a débeda externa e hoxe acompañamos as comunidades que frean o extractivismo na Amazonía e defenden xustiza climática en Abya Yala e en Europa. As soberanías —alimentaria, cultural, territorial— son o corazón da nosa acción política.

FEMINISMOS QUE CRUZAN FRONTEIRAS

Do “Vos que sos hermana” ao “Non estás soa” que resoa nas nosas rúas, levamos máis de 35 anos tecendo feminismos e acompañando a mulleres e disidencias que loitan por vidas dignas e libres de violencias. Fronte a unha internacional do odio que quere arrebatarnos dereitos, necesitamos ser máis.




XUSTIZA GLOBAL DENDE ABAIXO

A nosa historia recente está feita de loitas entrelazadas: o 0,7% da cooperación, as prazas do 15M, a defensa dos dereitos das persoas migrantes con #RegularizaciónYa. As causas que acompañamos refórzanse unhas ás outras cando as sostemos xuntas.

ONTE E HOXE: RESISTENCIAS QUE SEGUEN VIVAS

Temos exixido xustiza para Berta Cáceres, participado nas caravanas Abrindo Fronteiras, denunciado o ecocidio de Repsol en Perú, defendido o dereito ao aborto, a derrogación da Lei Mordaza, a protección dos territorios e dos que os defenden.

Ese traballo colectivo só pode continuar se ampliamos a comunidade que o sostén.

Difunde a campaña **#EncuentraTuCausa** en tus redes:   

POR QUE FACERTE SOCIA?

Porque unirse a Entrepobos é elixir un mundo onde a vida se defende dende os territorios, dende as rúas, dende as alianzas entre pobos.

Porque cada nova socia fortalece a sostibilidade política e económica desta organización que aposta pola solidariedade de ti a ti.

Invitamos a toda a nosa base social, aliadas e amigas a difundir a campaña e axudar a que máis persoas formen parte desta comunidade feminista, internacionalista e eco-social.

Faite socia: entrepobos.org/asociarse



Grazas por camiñar ao noso lado. As resistencias que veñen tamén te necesitan.

Plantámonos!

para a defensa dos
territorios, dos **bens**
naturais e do **traballo**
digno no campo



Samuel Ortiz Pérez, Carmen Serrano Royán
OT Entrepobles País Valencià

O mes de abril lémbra-nos a internacionalización das loitas pola terra, a defensa dos territorios, o dereito a decidir sobre a nosa alimentación e o cumprimento dos dereitos laborais e a dignidade do traballo no campo. É dicir, a reivindicación da soberanía alimentaria dos pobos. No Estado español estamos sendo testemuñas da multitude de accións e eventos que se viñeron organizando para divulgar estas proclamas, que alentan o sentido da mobilización por unha alimentación saudable, en campos e cidades, e que denuncian as ameazas que se apropian dos territorios rurais para un interese especulativo e financeiro, fundamentalmente.



Encuentro "Plantámonos!", El Escorial (Madrid) en marzo 2026

Neste contexto, a nosa organización é partícipe dende hai anos de diversos encontros de alianzas territoriais que permiten articular estas accións dunha maneira coordinada (Jaca, Córdoba, Allariz), e por iso... Plantámonos!

Durante os días 13, 14, 15 de marzo de 2026 celebrouse en El Escorial (Madrid) o terceiro encontro estatal de Plantámonos, reunindo a diversos produtores/as, asociacións, organizacións, sindicatos agrarios e colectivos que actúan no Estado español e que tratan de relanzar un espazo de actuación coordinada ante a situación de inestabilidade e vulnerabilidade que sofren moitos colectivos agrarios e vilas rurais. Así, leváronse a cabo diversos talleres e sesións para organizar todas as demandas que xeran os modelos extractivistas, a gandeiría intensiva, as multinacionais da agroindustria, as grandes superficies de supermercados e o comercio desigual, así como as novas demandas de terras e de auga para a instalación de centrais de enerxía e centros de datos. Este Encontro permitiu interconectar loitas e resistencias para visibilizar abusos e ameazas en diferentes territorios do Estado español nos que se denuncian presións

especulativas, acaparamentos de terras, contaminación socioambiental e outros abusos que afectan á vida rural e xera moita incertidume para a vida no campo.

Por tanto, o espazo de "Plantámonos" representa unha rede de reflexión e acción en común con representantes de máis dunhas vinte organizacións comprometidas coa agroecoloxía e a soberanía alimentaria, sumando esforzos para relanzar liñas de actuación conxunta. Proponse con iso visibilizar as responsables dos excesos que ameazan os diferentes territorios, así como reforzar os colectivos locais que presentan resistencias ás presións das grandes corporacións e os desperdicios das materias primas (terra, auga, solos, sementes) e das consecuencias sociais e ambientais que estes plans xeran. Para iso, Plantámonos enviou unha mensaxe de unidade na defensa da terra e do traballo digno de todas as persoas que traballan no campo e tamén daquelas que viven e queren vivir no medio rural.

Entre as estratexias de actuación establecidas destaca a construción colectiva dunha base de datos de loitas por espazos e territorios que identifiquen os conflitos sociote-



ritoriais; pero ademais, ponse o foco na necesidade dunha permanente mobilización cidadá como contrapoder de abusos sistémicos. Entre as temáticas abordadas máis relevantes están as seguintes: as dificultades para o acceso á terra da xuventude, a situación precaria das persoas migrantes no campo, a concentración das canles de comercialización e o abuso dos tratados de libre comercio vixentes e novos (por exemplo, o Acordo do Mercosur e as súas consecuencias preocupantes nos estándares de produción agroalimentaria, de saúde e do coidado do medioambiente), o consumo responsable e asociativo/cooperativo como estratexia indiscutible para xerar alternativas, os impactos da gandeiría intensiva e os casos de macrogranxas (macroproxectos para produción de carne e produción de biometano) que se lograron paralizar en diversos territorios; así como os desequilibrios e conflitos locais derivados principalmente por plans e proxectos de produción enerxética, entre outros conflitos agrarios.. Ademais, fíxose particular fincapé no Ano Internacional dos Pastos e os Pastores (AIPP) e da súa relevancia para poder promover políticas de mellora na vida do medio rural.

Outra das ideas deste encontro foi precisamente retomar a 'Declaración de Nacións Unidas sobre os Dereitos do campesiñado e outras persoas que traballan en zonas rurais (a UNDROP)' aprobada pola ONU en 2018, e impulsada por Vía Campesina, como instrumento útil para as mobilizacións sociais e políticas, e que dende Entrepobos tamén viñemos acompañando recentemente.



De xeito que estas últimas semanas definíronse por un calendario de actuacións reivindicativas pola soberanía alimentaria e, dende Entrepobos, colaboramos e seguiremos traballando na articulación social e política en todos os territorios, a escala local, nacional e por suposto no ámbito do internacionalismo e a cooperación solidaria. 🌱

ENLACES DE INTERESE

Plantámonos

www.nosplantamos.org

Stop Gandeiría Industrial

<https://stopganaderiaindustrial.org/>

Coordinadora Europea Vía Campesina


<https://www.eurovia.org/es/>

A LEMBRANZA VIVA DE FERMÍN, COMPARTIR CAMIÑOS

Deixounos Fermín Rodrigo, unha persoa que, dende os seus inicios, formou parte de Entrepobos e de tantas loitas compartidas.

Faise difícil pensar que xa non o veremos chegar a tantos espazos e colectivos nos que estaba presente e comprometido: nas asembleas de Entrepobos -da que era o socio número 21-, na Mesa Catalá por Centroamérica -da que foi impulsor dende Brigadas de Paz-, nas Estancias Solidarias da USTEC e Entrepobos en Primavera de Ixcán (Guatemala) ou en tantos outros espazos representando á Irmandade Obreira de Acción Católica, onde militaba dende hai máis de 40 anos... Ou na Marea Pensionista.

Dende que estivo na acción de apoio ao recoñecemento das Comunidades de Poboación en Resistencia en Guatemala, en 1993, un anaco do seu corazón quedou ancorado nese país e nas súas comunidades indíxenas. E iso conectouno



coa traxectoria de Brigadas de Paz, que foi unha das súas dedicacións máis permanentes e activas dende entón.

A súa vida foi unha maneira constante de compromiso coa xustiza, cos pobos e coa dignidade, sempre acompañados pola súa fraternidade, alegría de vivir e bo humor. No contexto actual estes son valores que a humanidade non pode perder, por iso necesitamos que se reencarnen noutros corpos, noutras mans, noutros camiños. Neles vivirá sempre Fermín. 🧡

A XXXVIII ASEMBLEA XERAL DE ENTREPOBOS REFORZA ALIANZAS FRONTE Á CRISE GLOBAL



Os días 9 e 10 de maio celebramos n'O Prat de Llobregat a nosa XXXVIII Asemblea Xeral, un espazo que nos permitiu atoparnos entre persoas socias, activistas e aliadas de distintos territorios para facer balance, compartir aprendizaxes e seguir construíndo colectivamente o rumbo da organización.

Comezamos o sábado cun reencontro moi agardado, no que fomos tecendo conversación e memoria colectiva a través dun mural colaborativo construído con obxectos que cada persoa aportou. Despois dedicamos a mañá aos asuntos internos da organización: presentación e aprobación da memoria de actividades, balance económico e orzamento, así como a presentación da nova web.

Pola tarde abrimos co acto público “Miradas feministas e ecosociais fronte aos autoritarismos en tempos de crises”, un espazo especialmente significativo no contexto global actual. Nesta conversa puxemos en común análises e experiencias

dende Uruguai, Perú, Madrid e Cataluña, con voces como Lilian Celiberti, Paul Maquet, Carlos Taibo e Annaís Sastre, coa moderación de Judith Muñoz Saavedra, que nos axudaron a comprender mellor as múltiples crises que atravesamos e, sobre todo, a imaxinar respostas colectivas dende os feminismos e os ecoloxismos sociais.

Na mañá do domingo traballamos en tres talleres simultáneos sobre: a situación en Centroamérica, facer fronte aos discursos contra a cooperación e intercambio de experiencias entre as organizacións territoriais.

A Asemblea deste ano foi un espazo de pensamento crítico e tamén de coidado político, onde insistimos na importancia de soste a vida, os coidados e a xustiza global como eixes imprescindibles de Entrepobos. Volveunos lembrar a forza de organizarnos colectivamente para seguir tecendo horizontes de xustiza e transformación social. 🧡

PODES ATOPARNOS EN

ANDALUCÍA

■ C/ José M^o Moreno Galván, 18, Bl.K - 2^o B
 41003 Sevilla · T. 616 564 551
 ✉ dologs60@gmail.com

ASTURIAS

✉ ep.asturies@entrepueblos.org

CASTELA-A MANCHA

✉ ep.castillalamancha@entrepueblos.org

CASTELA-LEÓN

✉ ep.valladolid@entrepueblos.org
 ✉ ep.burgos@entrepueblos.org
 ✉ ep.cyl@entrepueblos.org
 📌 entrepueblosencastillayleon

CATALUNYA

■ C/ August 21, entl. 1a · 43003 Tarragona
 ■ C/ Raiers 13 · 25500 La Pobra de Segur
 (Lleida)
 ■ Carrer d'en Blanco, 73, piso 1
 08028 Barcelona
 ✉ penedes@entrepobles.org
 🌐 entrepoblespenedes.wordpress.com
 ✂ @EntrePobles_Tgn
 📌 EntrePobles-Camp-de-Tarragona

COMUNIDADE DE MADRID

✉ ep.madrid@entrepueblos.org
 📌 EntrepueblosMadrid

EUSKAL HERRIA

✉ herriarte@herriarte.org

NAVARRA

✉ 77urbina@gmail.com

ILLES BALEARS

■ C/ Carne, 6 · 07701 Maó (Menorca)
 ✉ mallorca@entrepobles.org

PAÍS VALENCIÀ

■ C/ Juan de Mena 18 · 46008 Valencia
 ✉ paisvalencia@entrepobles.org
 ✉ alacant@entrepobles.org
 📌 EntrepoblesPaisValencia

REXIÓN DE MURCIA

✉ ep.murcia@entrepueblos.org

CONTRIBUCIÓNS ECONÓMICAS

IBAN (ES05) Triodos Bank (1491) Oficina (0001) Núm. c.c. (21-3000079938) · Avinguda Diagonal, 418, 08037 Barcelona

📶 **bizum** O número asignado Entrepueblos/Entrepobles/Entrepobos/Herriarte é: **11160**

ASÓCIATE

NA WEB SEGUINDO
 ESTE QR:



OU USANDO ESTE BOLETÍN

Solicitud de ingreso como socio/a

Nome e apelidos
 NIF *
 Data de nacemento
 Enderezo
 C.P. Poboación
 Teléfono Profesión
 E-mail

Cota anual 87 € ó e
 Se ten dificultades económicas pónase en contacto
 para flexibilizar tu contribución.
EntrePobos recomenda fixala no 0,7% do salario.

Orde de pago para a Entidade Bancaria

Banco / Caixa

NUMERO DE CUENTA - IBAN											
IBAN	ENTIDAD	SUCURSAL	D.C.	NÚM. CUENTA							

Prégolles que desde a presente pague os meus recibos que a ONG
EntrePobos les presente al cobro con cargo a mi cuenta.

Nome e apelidos
 Enderezo
 C.P. Poboación

Sinatura